



## **PROTOCOLO BASEES HELICÓPTEROS**



Nos vestiarios da base haberá perfectamente delimitadas unha zona sucia e unha zona limpa onde os/as bombeiros/as individualmente, entrarán con luvas de nitrilo, e cambiarán a súa roupa de rúa polo EPI regulamentario. Logo hixienizaranse as mans con auga e xabón, xel desinfectante ou solución hidroalcohólica.

### **AO EMPEZAR A QUENDA**

Diariamente ao comezo da quenda e sempre mantendo a distancia de seguridade (2 m) procederase á limpeza da base, facendo fincapé en pomos, portas, xanelas, chans, mesas, cadeiras, bancos, baños e vestiarios completos.

Regularmente, a criterio do piloto (comandante) como responsable máximo da nave, terase unha adecuada hixienización do helicóptero, que non terá que ser diaria se non hai voos pero si obrigatoria antes de finalizar unha quenda no que houbese unha ou máis saídas a incendios e se actuou na extinción.

Cando haxa que hixienizar o helicóptero ao comezo da quenda farase da seguinte maneira:

- Hixienizando manillas, portas, portelos, patíns...
- Abrindo todas as portas e ventilando durante polo menos 2 min.
- Limpando o interior, chan, asentos, cintos de seguridade, emisoras, auriculares...
- Pechando todo e deixando actuar 10 min.
- Abrindo e ventilando durante polo menos 2 min.

### **DURANTE O RETÉN**

Non será obrigatorio que os/as bombeiros/as teñan postos as luvas, a máscara nin as lentes, pero si que manteñan a distancia de seguridade, mesmo á hora para comer, se non hai espazo suficiente para manter os 2 m, a comida realizarase por quendas. Non se compartirá tabaco nin comida nin bebida, nin utensilios para iso.

Se hai voo:

- Piloto e copiloto levarán posta unha máscara FFP2/NR e luvas de nitrilo..
- Os/as bombeiros/as levarán o EPI completo, semimáscara FFP2/R-FFP3/R, lentes EN 166, luvas de nitrilo e luvas de traballo. Colocaranse de maneira que quede un asento libre entre cada 2 bombeiros/as.

Durante a extinción manterase a distancia de seguridade (2 m). Nos descansos non se compartirá comida, bebida nin tabaco.

## AO FINALIZAR A QUENDA

Se non houbo voo con actuación en extinción:

- Limpar a base (igual que ao comezo da quenda), portas, xanelas, pomos, mesas, cadeiras, bancos, baños... facendo fincapé en vasos, pratos... e todos aqueles utensilios que se usaron.
- Os/as bombeiros/as ducharanse e cambiaranse no vestiario mantendo a distancia de seguridade.

Se houbo voo con actuación en extinción:

- Desinfectar o helicóptero da seguinte maneira:
  - o Limpando o interior: asentos, auriculares, cintos de seguridade, chan...
  - o Pechando e deixando actuar 10 min.
  - o Abrindo e ventilando polo menos durante 2 min
  - o Limpando o exterior de manillas, portas, patíns...
- Desinfectar a ferramenta.
- Quitar o EPI, ducharse e cambiarse mantendo a distancia de seguridade seguindo estas pautas:
  - o O procedemento de retirada do EPI será o seguinte: retirar as botas, pantalón, chaqueta e luvas de traballo, desinfectar as mans durante 1 min. coas disolucións desinfectantes e proceder a retirar as lentes e a semimáscara.
  - o Deixar o EPI na zona sucia, preferiblemente nunha bolsa de plástico.
  - o Hixienizar as lentes e a semimáscara.
  - o Desinfectar as botas coas solucións desinfectantes, esperar 2 min. e gardar na taquilla.
  - o Sen tocarse a cara, desinfectar as mans con auga e xabón durante 1 min, a continuación lavar a cara, o pescozo, as orellas e a fronte durante 1 min. e ducharse.
- Limpar a base (igual que ao comezo da quenda), portas, xanelas, pomos, mesas, cadeiras, bancos, baños... facendo fincapé en vasos, pratos... e todos aqueles utensilios que usásemos .

## PILOTO/COPILOTO/MECÁNICO

Realizarán un procedemento similar atendendo ás súas peculiaridades, pero en todo caso, manterán unha adecuada hixiene de mans, limpeza do seu lugar de descanso na base e hixienización do seu asento no helicóptero, casco e instrumentación.

**DISOLUCIÓNS E DOSES PARA HIXIENIZACIÓN E DESINFECCIÓN EN ANEXO.**

## ANEXO

DISOLUCIÓNS E DOSES PARA HIXIENIZACIÓN E DESINFECCIÓN	
LAVADO DE MANS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Auga e xabón</b> (lavado durante 1 min.).</li> <li>• Solucións hidroalcohólicas específicas (<b>xel desinfectante</b>) (lavado durante 1 min).</li> <li>• <b>Disolución hidroalcohólica</b> a base de alcohol etílico ou isopropílico ao 70% (lavado durante 1 min). Dose: 1 L de alcohol etílico ou isopropílico + 30% de auga = 1,3 L de disolución hidroalcohólica.</li> <li>• <b>Peróxido de hidróxeno</b> (concentrado da auga <b>osixenada</b>) dilución ao 1% (lavado durante 1 min). Dose: 1 L de auga osixenada de 10 vol. Ao 5,5% de peróxido de hidróxeno + 5 L de auga = 6 L de disolución de peróxido de hidróxeno.</li> </ul>
HIXIENIZACIÓN DE MATERIAL POROSO (tecidos en base/helicóptero).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Disolución hidroalcohólica</b> a base de alcohol etílico ou isopropílico ao 70%.</li> <li>• <b>Peróxido de hidróxeno</b> (concentrado da auga <b>osixenada</b>) disolución ao 1%. Dose: 1 L de auga osixenada de 10 vol. ao 5,5% de peróxido de hidróxeno + 5 L de auga = 6 L de disolución de peróxido de hidróxeno.</li> </ul>
HIXIENIZACIÓN DE MATERIAL NON POROSO (plásticos, madeira, chans... interiores de base e helicóptero).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Disolución hidroalcohólica</b> a base de alcohol etílico ou isopropílico ao 70%.</li> <li>• <b>Peróxido de hidróxeno</b> (concentrado da auga <b>osixenada</b>) ao 1%. Dose: 1 L de auga osixenada de 10 vol. ao 5,5% de peróxido de hidróxeno + 5 L de auga = 6 L de disolución de peróxido de hidróxeno.</li> <li>• <b>Auga e xabón.</b></li> <li>• <b>Hipoclorito de sodio (lixivia)</b> ao 0.15% abrigo para chans.</li> </ul>

\* Protocolos publicados pola Consellería de MedioRural  
<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>

### Documentos nos que se basea:

Ministerio de Sanidade: Procedemento de actuación fronte a casos de infección polo SARS-CoV-2.

Ministerio de Sanidade: COVID-19 guía de boas prácticas nos centros de traballo.

Ministerio de Defensa: Procedemento de desinfección en centros e residencias de maiores vol. II.

Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus. Xunta de Galicia.